

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

**4674** *Real decreto 207/2019, do 29 de marzo, polo que se regula o sistema nacional de admisión de membros e socios da rede Eures en España.*

I

O Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, relativo a unha rede europea de servizos de emprego (Eures), ao acceso dos traballadores aos servizos de mobilidade e á maior integración dos mercados de traballo e polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 492/2011 e (UE) n.º 1296/2013, establece un marco de cooperación para facilitar o exercicio da libre circulación de traballadores dentro da Unión, de conformidade co artigo 45 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. O Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, destaca que, desde o seu inicio en 1994, Eures constituíu unha rede de cooperación entre a Comisión e os servizos públicos de emprego, para facilitar información, asesoramento e contratación ou colocación aos traballadores e empresarios, así como a calquera cidadán da Unión que desexe beneficiarse do principio da libre circulación dos traballadores, a través da súa rede humana e das ferramentas dispoñibles no portal europeo da mobilidade profesional (portal Eures).

O regulamento establece que é necesario que os servizos de apoio e o intercambio de información sobre a mobilidade laboral e o equilibrio entre oferta e demanda de emprego dentro da Unión se leven a cabo de forma máis coherente. Procede, por conseguinte, restablecer e reorganizar a rede Eures como parte dun marco normativo revisado, para seguir reforzándoa e determinar os papeis e responsabilidades respectivos das diversas organizacións participantes na rede Eures.

No Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, sinálase que «Convén que a composición da rede Eures sexa suficientemente flexible para poder adaptarse á evolución do mercado de servizos de contratación. A aparición de toda unha serie de servizos de emprego induce a pensar que cómpre un esforzo concertado por parte da Comisión e dos Estados membros para ampliar a rede Eures como principal instrumento da Unión para prestar servizos de contratación no seu interior. Unha composición máis ampla da rede Eures representaría unhas vantaxes sociais, económicas e financeiras e podería, ademais, contribuír a xerar formas innovadoras de aprendizaxe e cooperación, incluídas normas de calidade para as ofertas de emprego e os servizos de apoio a nivel nacional, rexional, local e transfronteirizo».

Así mesmo, no citado regulamento establécese que «Calquera organización, incluídos os servizos de emprego públicos ou privados, organizacións do terceiro sector, así como os interlocutores sociais, que se comprometa a cumprir todos os criterios e a levar a cabo a gama completa de funcións que se establecen no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, debe poder converterse en membro de Eures».

Igualmente, no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, establécese que, sen dilacións indebidas, e como máis tarde o 13 de maio de 2018, cada Estado membro terá establecido un sistema para a admisión de organizacións como membros e socios de Eures, para supervisar as súas actividades e comprobar que respectan a lexislación á hora de aplicar o Regulamento (UE) 2016/589 e, en caso de necesidade, revogar a súa admisión. Este sistema deberá ser transparente, proporcionado, respectará os principios de igualdade de trato ás organizacións solicitantes

e as garantías procesuais e proporcionará vías de recurso suficientes para que a protección xurídica sexa eficaz.

Para estes efectos, o Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, determina que os Estados membros establecerán os requisitos e criterios necesarios para a admisión de membros e socios de Eures.

A Decisión de execución (UE) 2017/1255 da Comisión, do 11 de xullo de 2017, relativa a un modelo de descrición dos sistemas e procedementos nacionais para a admisión de organizacións como membros e socios de Eures, no seu artigo 2.2 establece que, no que concirne aos sistemas de admisión, cada Estado membro cumprirá as seguintes funcións: tramitar e avaliar as solicitudes para converterse en membro ou socio de Eures; tomar as decisións sobre a aprobación ou desestimación de tales solicitudes e sobre o revogamento das admisións; tramitar e resolver as reclamacións e proporcionar vías de recurso contra tales resolucións; supervisar o cumprimento por parte dos membros e socios de Eures do sistema nacional de admisión, así como das obrigacións establecidas no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

A normativa comunitaria establece os aspectos que debe recoller o sistema de admisión de membros e socios de Eures e o procedemento para isto, que debe prever a tramitación e avaliación das solicitudes, a adopción dunha decisión ou resolución sobre a súa aprobación ou desestimación e proporcionar vías de recurso contra tales reclamacións, o que comporta, dentro do ordenamento xurídico español, o establecemento dun réxime de autorización para a admisión de membros e socios de Eures, en aplicación da normativa comunitaria sinalada, o que se leva a cabo mediante este real decreto, de acordo co disposto no artigo 17.1 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Neste sentido, no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, sinalase que «a crecente interdependencia entre os mercados de traballo require unha maior colaboración entre os servizos de emprego para facer efectiva a libre circulación de todos os traballadores mediante unha mobilidade laboral voluntaria dentro da Unión, de maneira equitativa e conforme a lexislación e as prácticas da Unión, e nacionais de acordo co artigo 46, letra a), do Tratado de funcionamento da Unión Europea».

Os altos índices de desemprego no noso país reforzan a idea da colaboración público-privada entre os axentes que interveñen na intermediación laboral, preservando en todo caso a centralidade e o fortalecemento dos servizos públicos de emprego, tanto o estatal como os das comunidades autónomas, de forma que non se produza a substitución da iniciativa pública pola iniciativa privada no ámbito da intermediación e a colocación.

En todo caso, a intermediación no mercado de traballo configúrase como un servizo de carácter público, con independencia dos axentes que a realizan, que, ademais de incrementar as posibilidades de colocación das persoas traballadoras en desemprego, pretende configurar un mercado de traballo cada vez máis equilibrado que emende as disfuncións que impiden a adecuada casación entre ofertas e demandas de emprego.

Como froito desta mellor colaboración entre axentes públicos e privados acadarase lograr unha máis eficaz intermediación no ámbito da rede Eures, proporcionando ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características e facilitándolles aos empregadores as persoas traballadoras máis apropiadas aos seus requirimentos e necesidades.

O texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, no seu artigo 33, regula as axencias de colocación. Entenderase por axencias de colocación aquelas entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que realicen actividades de intermediación laboral ben como colaboradoras dos servizos públicos de emprego ben de forma autónoma pero coordinada con eles. Así mesmo, poderán desenvolver actuacións relacionadas coa busca de emprego, tales como orientación e información profesional, e coa selección de persoal. De acordo co establecido no artigo 31 desa norma, a intermediación laboral é o conxunto de accións que teñen por obxecto pór en contacto as ofertas de traballo cos traballadores que buscan un emprego,

para a súa colocación. A intermediación laboral ten como finalidade proporcionar aos traballadores un emprego adecuado ás súas características e facilitar aos empregadores os traballadores máis apropiados aos seus requirimentos e necesidades.

Mediante o Real decreto 1796/2010, do 30 de decembro, reguláronse as axencias de colocación. Considerando que en España corresponde ás axencias de colocación habilitadas como tales ante os servizos públicos de emprego a realización das actividades de intermediación laboral, así como a posibilidade de desenvolver actuacións relacionadas coa busca de emprego, procede que sexan estas axencias de colocación as que poidan solicitar a súa admisión como membros da rede Eures en España.

Neste sentido, tal e como establece o Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, os servizos de emprego públicos e privados que se comprometan a cumprir todos os criterios e a levar a cabo a gama completa de funcións deben poder converterse en membros de Eures. Os membros de Eures deben cumprir todas as tarefas recollidas no mencionado regulamento relativas a contribuír ao conxunto de ofertas de emprego, contribuír ao conxunto de demandas de emprego e de currículos e prestar servizos de apoio a traballadores e empresarios. Non obstante, determinadas organizacións poderían non estar en condicións de levar a cabo a gama completa de funcións que o regulamento exige dos membros de Eures, pero dispoñen dun potencial importante de contribución á rede Eures. Parece por isto conveniente ofrecerlles a oportunidade de converterse en socios de Eures, sen que sexa preciso para isto estar constituídas como axencias de colocación.

A participación dos axentes sociais na rede Eures contribúe, en particular, á análise dos obstáculos á mobilidade, así como á promoción da mobilidade laboral voluntaria de maneira equitativa dentro da Unión, entre outras, nas rexións transfronteirizas. Os representantes dos axentes sociais a escala da Unión deben, por tanto, poder asistir ás reunións do grupo de coordinación establecido en virtude do regulamento e manter un diálogo regular coa Oficina Europea de Coordinación, mentres que as organizacións de empresarios e os sindicatos nacionais deben manter, en cooperación coa rede Eures facilitada polas oficinas nacionais de coordinación, un diálogo regular cos interlocutores sociais de acordo coa lexislación e as prácticas nacionais. Os axentes sociais deben poder solicitar converterse en membros ou socios de Eures tras o cumprimento das obrigacións pertinentes conforme o regulamento.

Este real decreto ten en conta a doutrina do Tribunal Constitucional respecto do marco de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia laboral, e, en particular, a súa Sentenza 69/2018, do 21 de xuño de 2018, que declara inconstitucional e nulo o seguinte inciso do artigo 117.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, polo que se dá nova redacción ao artigo 21 bis.2 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego: «Esta declaración responsable presentárase ante o Servizo Público de Emprego Estatal no suposto de que a axencia pretenda realizar a súa actividade desde centros de traballo establecidos en dúas ou máis comunidades autónomas ou utilizando exclusivamente medios electrónicos ou polo equivalente da comunidade autónoma, no caso de que a axencia pretenda desenvolver a súa actividade desde centros de traballo establecidos unicamente no territorio desa comunidade». Declaración que debe estenderse ao inciso do mesmo teor do artigo 33.2 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

De acordo con esta sentenza, corresponde ás comunidades autónomas, en todo caso, recibir as declaracións responsables das entidades que pretendan realizar a actividade de axencia de colocación, mesmo no suposto de realizar a dita actividade desde centros de traballo localizados en dúas ou máis comunidades autónomas ou exclusivamente por medios electrónicos. A distribución competencial resultante desta sentenza enténdese tamén aplicable ao procedemento de autorización de membros e socios de Eures en España regulado neste real decreto, polo que nel se establece que a competencia para a dita autorización corresponde aos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e se configura como punto de conexión para determinar a dita competencia o territorio da comunidade autónoma onde estea establecida a sede social da organización

solicitante, con independencia de se van desenvolver a súa actividade só na dita comunidade autónoma ou en varias. Así mesmo, establécese que a autorización será única e terá validez en todo o territorio español para traballar nas actividades da rede Eures.

## II

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento normativo preciso para a aplicación efectiva en España do Regulamento (UE) 2016/589, do 13 de abril de 2016, de acordo coa normativa nacional de aplicación, regulando o sistema para a admisión de organizacións como membros e socios de Eures e o procedemento para isto, para supervisar as súas actividades e comprobar que respectan a lexislación aplicable á hora de aplicar o mencionado regulamento e, en caso de necesidade, revogar a súa admisión. Este sistema debe ser transparente, proporcionado, respectará os principios de igualdade de trato ás organizacións solicitantes e as garantías procesuais, e proporcionará vías de recurso suficientes para que a protección xurídica sexa eficaz en consonancia coa lexislación nacional.

O capítulo I deste real decreto, seguindo as referencias establecidas no citado regulamento, define os membros e socios Eures en España. Así mesmo, recolle a distinción entre membro e socio con base nas responsabilidades e tarefas que cada un debe cumprir. Regúlase a obrigatoriedade de que as organizacións que desexen converterse en membros ou socios de Eures en España obteñan a autorización do servizo público de emprego da comunidade autónoma onde teñan establecida a súa sede social, independentemente de se desenvolven a súa actividade só na dita comunidade autónoma ou en varias. En todo caso, establécese que a autorización será única e terá validez en todo o territorio español para traballar nas actividades da rede Eures. Sinálase que o Servizo Público de Emprego Estatal exercerá as funcións de Oficina Nacional de Coordinación (ONC) da rede Eures en España, para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e neste real decreto. Así mesmo, sinálase a designación dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas como membros de Eures para as actividades da rede Eures. En virtude da súa designación, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas ocuparán unha posición privilexiada na rede Eures.

No capítulo II regúlase o réxime xurídico e o desenvolvemento da actividade dos membros e os socios Eures. Establécense as obrigacións comúns que deben cumprir con carácter xeral todos os membros e os socios de Eures en función das tarefas que se van desenvolver, destacando entre elas a exigencia de que na súa actuación se garanta a gratuidade ás persoas traballadoras pola prestación de servizos, os principios de igualdade, non discriminación no acceso ao emprego e o respecto á intimidade e dignidade ás persoas traballadoras no tratamento dos seus datos. Así mesmo, recóllense as obrigacións dos membros e os socios de Eures que realicen as tarefas de contribuír ao conxunto de ofertas de emprego, ao conxunto de demandas de emprego e de currículos, e de prestar servizos de apoio a traballadores e empresarios.

No marco do Sistema de información dos servizos públicos de emprego disporase dun espazo común para membros e socios de Eures España, co obxecto de integrar o conxunto da información proporcionada respecto ao rexistro dos membros e socios autorizados, os datos das accións de seguimento e avaliación dos membros e os socios Eures, a comunicación de datos para o ciclo de programación (plan de actividades anual e informe final anual) e a transmisión das ofertas e demandas de emprego coas que cada socio e membro contribuír á portal europeo Eures.

Os servizos públicos de emprego realizarán un seguimento e avaliación das actividades dos membros e os socios de Eures autorizados. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, capítulo V, a Oficina Nacional de Coordinación garantirá a existencia de procedementos de recollida de datos relativos a determinadas áreas de actividade de Eures a escala autonómica e

nacional. Os membros e socios Eures recollerán os ditos datos mensualmente e reportaranos á ONC.

Por último, recóllese o dereito de información de que dispoñen as persoas que se inscriban como demandantes de emprego.

O capítulo III regula o procedemento para a concesión, conversión de socio a membro ou viceversa e a revogación da autorización. Na iniciación do procedemento detállase a información que se achegará na solicitude, a súa instrución, os requisitos para a autorización, de acordo cos criterios mínimos comúns recollidos no anexo I do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e a súa terminación, e establécese un prazo máximo de tres meses para resolver sobre a concesión ou denegación da autorización.

Especifícase que para ser membro será necesario ter a condición de axencia de colocación.

Establécese que a autorización como membro ou socio de Eures España terá unha vixencia indefinida, sen prexuízo das actuacións de seguimento e avaliación recollidas no capítulo II. Así mesmo, régúlase o réxime de revogación da autorización no suposto de que se dean as circunstancias previstas no real decreto.

Por outro lado, mediante este real decreto derrógase o Real decreto 379/2015, do 14 de maio, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento da acción «O teu traballo Eures-FSE», por considerarse que desde a súa posta en marcha en España, en maio do 2015, se desenvolveron outros programas de axudas á mobilidade en Europa, similares ás da acción «O teu traballo Eures-FSE»; promovidos pola Comisión Europea e xestionados por outros países, tales como: «Your first Eures job», «REACTIVATE» e «European Solidarity Corps». Estes programas teñen maior dotación económica e modalidades complementarias de axudas en relación coas da acción española «O teu traballo Eures-FSE». O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, é socio destes programas e ofrece toda a información sobre as súas características e asesoramento sobre formas de solicitude, e pode apoiar con estas axudas a mobilidade dos traballadores españois que o desexen e cumpran os requisitos establecidos neles. Por tanto, para evitar duplicidades considérase conveniente deixar sen efecto a acción «O teu traballo Eures-FSE».

Este real decreto dá un recoñecemento ás entidades asociadas neste momento como parte dun acordo de cooperación Eures transfronteirizo en España. Estas entidades poderán solicitar ser membros ou socios Eures. Non obstante, estas entidades poderán seguir desenvolvendo a súa actividade como se describa no citado acordo e, excepcionalmente, poderán ser autorizados como socios Eures sempre que o servizo público de emprego correspondente sexa coñecedor da súa experiencia e cumprimento de funcións e obrigacións.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, así como as comunidades autónomas; foi informada a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego emitiu informe.

O presente real decreto cumpre cos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, a necesidade e eficacia da norma vén xustificada pola obrigación de desenvolvemento que impón a cada Estado Membro o dereito da UE, reforzando igualmente o principio de seguridade xurídica. Esta norma constitúe o desenvolvemento normativo necesario para a aplicación efectiva en España do Regulamento (UE) 2016/589, do 13 de abril de 2016.

Da mesma maneira, dítase, en virtude do establecido no artigo 3, «Planificación e execución da política de emprego», do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, que establece que corresponde ao Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e logo

do informe deste ministerio á Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a elaboración e aprobación das disposicións regulamentarias en relación coa intermediación e colocación no mercado de traballo, fomento do emprego, protección por desemprego, formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como o desenvolvemento da dita ordenación. Todo isto sen prexuízo das competencias que en materia de estranxeiría corresponden ao Ministerio do Interior, e ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral que lle atribúe o artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular o sistema e procedemento nacional para a admisión de organizacións como membros e socios de Eures en España, de acordo co disposto polo Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, relativo a unha rede europea de servizos de emprego, ao acceso dos traballadores aos servizos de mobilidade e á maior integración dos mercados de traballo e polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 492/2011 e (UE) n.º 1296/2013, e a Decisión de execución (UE) 2017/1255 da Comisión, do 11 de xullo de 2017, relativa a un modelo de descrición dos sistemas e procedementos nacionais para a admisión de organizacións como membros e socios de Eures.

#### Artigo 2. *Definición dos membros e dos socios de Eures en España.*

1. Para efectos do previsto nesta norma e conforme o Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, entenderase por membros e socios de Eures en España aquelas entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, incluídos os interlocutores sociais, que fosen autorizados mediante o Sistema nacional de admisión de Eures España, cumpran todos os criterios e requisitos establecidos e participen na rede Eures realizando as funcións previstas, de conformidade co dito Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e con este real decreto.

2. Calquera organización establecida legalmente en España poderá solicitar ser membro ou socio de Eures, con suxeición ás condicións que figuran no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e ao Sistema nacional de admisión que se regula neste real decreto, sempre que se comprometan a cumprir as obrigacións que lles incumben e desenvolver, no caso dos membros todas as tarefas a que fai referencia o artigo 12.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e no caso dos socios unha ou dúas das tarefas enumeradas no dito artigo 12.2.

3. Para estes efectos, os membros e os socios de Eures en España contribuirán á rede Eures no concernente ás tarefas para as que fosen admitidos e cumprarán coas demais obrigacións a teor do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e deste real decreto, asumindo, con carácter xeral, as responsabilidades dos membros e os socios de Eures establecidas no artigo 12 do dito regulamento.

En particular, de acordo co artigo 12.2 do regulamento, os membros de Eures España participarán na rede Eures, o que inclúe o cumprimento de todas as tarefas seguintes, e

os socios de Eures España participarán na rede Eures, o que inclúe o cumprimento dunha ou dúas das tarefas que se enumeran:

- a) Contribuír ao conxunto de ofertas de emprego, de conformidade co artigo 17, número 1, letra a), do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.
- b) Contribuír ao conxunto de demandas de emprego e de currículos, de conformidade co artigo 17, número 1, letra b), do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.
- c) Prestar servizos de apoio a traballadores e empresarios, conforme os artigos 23 e 24, artigo 25, número 1, artigo 26 e, se for o caso, artigo 27 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

*Artigo 3. Autorización de membros ou de socios de Eures en España, que non sexan servizos públicos de emprego.*

1. As organizacións que desexen converterse en membros ou socios de Eures en España nas condicións establecidas no presente real decreto deberán obter a autorización do servizo público de emprego da comunidade autónoma onde teñan establecida a súa sede social.

2. A autorización para ser membro ou socio de Eures en España será única e terá validez en todo o territorio español para traballar nas actividades da rede Eures.

3. A información relativa ás autorizacións concedidas aos membros e os socios de Eures en España, co obxecto de que poida ser coñecida tanto polos servizos públicos de emprego como pola cidadanía, así como para a súa incorporación á rede Eures por parte da Oficina Nacional de Coordinación, quedará integrada nun espazo Eures destinado a membros e socios de Eures en España, do Sistema de información dos servizos públicos de emprego establecido no texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, e o Real decreto 1722/2007, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego en materia de órganos, instrumentos de coordinación e avaliación do Sistema nacional de emprego.

*Artigo 4. Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España.*

1. O Servizo Público de Emprego Estatal exercerá as funcións de Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España para os efectos previstos no artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e neste real decreto.

2. Son responsabilidades da Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España as seguintes:

a) Organizar os traballos relativos á rede Eures en España, que incluírá garantir a transferencia coordinada ao portal Eures de información sobre as ofertas e demandas de emprego, así como sobre os CV, conforme o disposto no artigo 17 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, a través dunha única canle coordinada.

b) Cooperar cos Estados membros e a Comisión no que respecta á compensación dentro do marco establecido no capítulo III do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, sobre a plataforma informática común.

c) Proporcionar información á Oficina Europea de Coordinación sobre discrepancias entre o número de ofertas de emprego notificadas e o número total de ofertas de emprego a escala nacional.

d) Coordinación das accións levadas cabo dentro de España, xunto con outros Estados membros, conforme o disposto no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, sobre intercambio de información e ciclo de programación.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, organizará a aplicación en España das actividades horizontais de apoio prestadas pola Oficina Europea de Coordinación previstas no artigo 8 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, se procede en estreita cooperación con esta última e con outras oficinas nacionais de coordinación. As actividades horizontais de apoio incluirán, en particular:

a) Para efectos de publicación, en particular no portal Eures, a recollida e validación de información actualizada sobre membros e socios de Eures en España, as súas actividades e o alcance dos servizos de apoio que prestan aos traballadores e aos empregadores.

b) A realización de actividades de formación preparatoria relativa ao funcionamento de Eures, a selección do persoal para participar no programa de formación común e nas actividades de aprendizaxe mutua.

c) A recollida e a análise dos datos relativos aos artigos 31 e 32 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, sobre programación, incluíndo a elaboración anual dos programas de traballo relativos ás actividades da rede Eures e recollida e análise de datos.

4. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación de Eures en España, para efectos de publicación, en particular no portal Eures, en interese dos traballadores e dos empresarios, dará a coñecer, actualizará periodicamente e difundirá coa debida antelación a información e orientación dispoñibles a escala nacional sobre a situación en España polo que atinxe:

a) Ás condicións de vida e de traballo, con inclusión de información xeral sobre seguridade social e pagamento de impostos.

b) Aos procedementos administrativos pertinentes en relación co emprego e ás normas que sexan aplicables aos traballadores no momento de aceptaren un emprego.

c) Ao marco normativo en España en materia de períodos de aprendizaxe e de prácticas e ás normas e instrumentos existentes na Unión.

d) Ao acceso á formación profesional, sen prexuízo do artigo 17.2.b) do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

e) Á situación dos traballadores fronteirizos, en particular nas rexións transfronteirizas.

f) Á asistencia despois da contratación en xeral e á información sobre o modo de obter a dita asistencia dentro da rede Eures, e cando se dispoña de tal información, fóra dela.

Se é o caso, a Oficina Nacional de Coordinación poderá dar a coñecer e difundir a información en colaboración con outras redes e servizos de información e asesoramento, e con organismos pertinentes a escala nacional, tales como Your Europe, Solvit, a Rede Enterprise Europe e os portelos únicos, mencionados no artigo 4 da Directiva 2014/54/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre medidas para facilitar o exercicio dos dereitos conferidos aos traballadores no contexto da libre circulación dos traballadores. Ademais, a Oficina Nacional de Coordinación colaborará na difusión e asesoramento con redes de información doutros ministerios, consellerías de embaixadas en países europeos, axentes sociais, colexios profesionais, departamentos de información e orientación de centros de formación, cámaras de comercio e organizacións que traballan de forma habitual cos servizos públicos de emprego.

5. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, intercambiará co resto de oficinas nacionais de coordinación en Europa a información sobre os mecanismos e as normas a que se refire o artigo 17.5 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, así como sobre as normas relativas á seguridade e á protección dos datos que sexan pertinentes para a plataforma informática común. Cooperarán entre elas e coa Oficina Europea de Coordinación, en particular con respecto ás reclamacións e ás ofertas



de emprego que se considera que non cumpren coas normas aplicables conforme a lexislación nacional.

6. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, prestará apoio xeral aos membros e socios de Eures no que respecta á colaboración cos seus homólogos doutros Estados membros, o que incluírá o asesoramento aos membros e socios de Eures sobre o modo de tratar as reclamacións en relación con ofertas de emprego e contratacións a través de Eures, así como sobre a cooperación coas autoridades públicas competentes. Se a Oficina Nacional de Coordinación dispón da información, os resultados dos procedementos de reclamación transmitiránse á Oficina Europea de Coordinación.

7. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, promoverá a colaboración coas partes interesadas, como os interlocutores sociais, os servizos de orientación profesional, os centros de formación profesional e as universidades, as cámaras de comercio, os servizos sociais e as organizacións que representan grupos vulnerables no mercado de traballo e as organizacións que participan en programas de aprendizaxe e de períodos de prácticas.

8. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina de Coordinación da rede Eures en España, de acordo co artigo 16.3 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, manterá un diálogo periódico cos interlocutores sociais a escala nacional para facilitar a cooperación da rede Eures con eles. Estes interlocutores sociais terán dereito a asistir ás reunións de coordinación anuais da rede Eures España.

#### Artigo 5. *Os servizos públicos de emprego como membros de Eures en España.*

1. De acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, o Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación da rede Eures en España, designou os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas como membros de Eures para as actividades da rede Eures. En virtude da súa calidade de membros da rede Eures, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas deben cumprir todas as obrigacións e criterios mínimos comúns previstos para os membros no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016. En virtude da súa designación, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas ocuparán unha posición privilexiada na rede Eures, de conformidade co establecido no artigo 10.1 do citado regulamento.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal asumirá, no seu ámbito de xestión, as funcións de membro de Eures, así como as atribuídas aos servizos públicos de emprego neste real decreto no ámbito territorial de Ceuta e Melilla, en canto non sexa obxecto de traspaso a xestión das políticas de activación para o emprego a estas cidades.

## CAPÍTULO II

### **Réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade**

#### Artigo 6. *Réxime xurídico.*

Os membros e os socios de Eures autorizados desenvolverán a súa actividade de acordo coas previsións contidas no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, no texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, no presente real decreto e nas demais disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. Tamén deberán cumprir as condicións establecidas nos acordos ou outros instrumentos de coordinación que adopten os servizos públicos de emprego, así como as instrucións e procedementos que determinen estes, que deberán de ser obxecto da adecuada publicidade.

## Artigo 7. *Gratuidade da prestación de servizos Eures.*

Todos os servizos Eures prestados polos socios e membros de Eures serán gratuítos para traballadores e empresarios, coa excepción dos servizos posteriores á contratación para ambos e os posibles servizos de apoio aos empresarios, e informarase de forma clara e precisa o usuario e o servizo público de emprego correspondente sobre calquera posible custo.

Os membros e, cando proceda, os socios de Eures poderán prestar de forma directa a asistencia posterior á contratación aos traballadores ou os empresarios, e poden percibir unha contraprestación por estes servizos, de acordo co previsto no artigo 25.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016. Así mesmo, os membros e socios Eures poderán percibir unha contraprestación pola prestación de forma directa dos servizos de apoio aos empresarios, tal e como se establece no artigo 24 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

## Artigo 8. *Obrigacións dos membros e dos socios de Eures en función das tarefas que se van desenvolver.*

1. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, os membros e os socios de Eures deberán cumprir as obrigacións comúns establecidas tanto para membros como para socios e as obrigacións específicas derivadas das tarefas que se van realizar.

2. Son obrigacións comúns para membros e socios:

a) Estar previamente autorizados polo servizo público de emprego correspondente e manter as condicións e requisitos que posibilitaron a concesión da autorización.

b) Garantir ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos. Sen prexuízo do anterior, os membros e os socios de Eures poderán percibir unha contraprestación pola prestación de forma directa de servizos de asistencia posterior á contratación, de acordo co previsto no artigo 25.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

c) Garantir aos empresarios a gratuidade na prestación de servizos. Sen prexuízo do anterior, os membros e os socios de Eures poderán percibir unha contraprestación pola prestación de forma directa de servizos de asistencia posterior á contratación, de acordo co previsto no artigo 25.2 e os servizos de apoio aos empresarios mencionados no artigo 24 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

d) Garantir os principios de igualdade e non discriminación no acceso ao emprego, nos termos establecidos nos artigos 33.4.f) e 35 do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro.

e) Garantir o respecto á intimidade e dignidade das persoas traballadoras no tratamento dos seus datos, sometendo a actuación nesta materia á normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal.

f) Non subcontratar con terceiros a realización das súas tarefas como membros ou socios de Eures.

g) Cumprir coa normativa vixente en materia laboral e de Seguridade Social.

h) Cumprir coas normas sobre accesibilidade universal.

i) Velar pola correcta relación entre as características dos postos de traballo ofertados e o perfil académico e/ou profesional requirido.

j) Estar suxeita ás actuacións do control e inspección que leven a cabo os servizos públicos de emprego de acordo coa normativa de referencia, así como á actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e outros órganos de control.

k) Facer constar no desenvolvemento das actividades como socio ou membro de Eures a condición de autorizado e número de autorización en todo lugar onde figure o seu nome. Así mesmo, deberán empregar a marca de servizo Eures e o seu logotipo en todas

as súas actividades relacionadas coa rede Eures e exclusivamente para elas, de acordo co previsto no artigo 15 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

l) Dispor de sistemas informáticos compatibles e complementarios co Sistema de información dos servizos públicos de emprego, co fin de que o subministración de información sobre demandas, currículos (CV) e ofertas de emprego, así como do resto de actividades e servizos realizados como membros e socios de Eures autorizados, se realice, ao menos, con periodicidade mensual e exclusivamente por medios electrónicos, de forma que permita á Oficina Nacional de Coordinación dispor de toda a información requirida polo Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016. Así mesmo, os sistemas deberán permitir a publicación no portal Eures de demandas, currículos (CV) e ofertas de emprego, de acordo cos procedementos establecidos para isto.

m) Designar un ou varios puntos de contacto, como oficinas de colocación e contratación, centrais telefónicas e instrumentos de auto-servizo mediante os cales os traballadores e os empresarios poidan obter axuda, de conformidade co artigo 12. 4 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016. No suposto de axencias de colocación especificaranse, se for o caso, os centros de traballo desde os que realizarán as actividades relacionadas coa rede Eures.

n) Contribuír, a través da Oficina Nacional de Coordinación, á subministración da información que proceda nos seguintes supostos, de acordo co establecido no artigo 12.6 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

1.º Obtención de información e orientación que deberán publicarse no portal Eures, de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

2.º O intercambio de información a que se refire o artigo 30 do Regulamento n.º 1296/2013.

3.º O ciclo de programación a que se refire o artigo 31 do Regulamento n.º 1296/2013, que inclúe datos para o plan de actividades anual e o informe final anual, considerando necesaria a comunicación á Oficina Nacional de Coordinación das datas de eventos cunha antelación mínima dun mes, para a súa difusión.

4.º A recompilación dos datos a que se refire o artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

ñ) Promover activamente, en estreita cooperación, de conformidade coas súas respectivas funcións e responsabilidades, as oportunidades de mobilidade laboral dentro da Unión e tratar de mellorar os medios que permitan aos traballadores e aos empresarios beneficiarse dunha mobilidade equitativa e aproveitar as ditas oportunidades a escala da Unión, nacional, rexional e local, tamén no plano transfronteirizo, de conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

o) Os membros e socios que cooperen con organizacións que non participan na rede Eures non poderán imporlles obrigacións nin conferirlles dereitos ás ditas organizacións.

p) Velar por que o portal Eures sexa claramente visible e facilmente utilizable en todos os portais de busca de emprego que administran a escala central, rexional ou local, e que os ditos portais teñan un enlace ao portal Eures, de acordo co artigo 18.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

q) Velar por que o seu persoal que participa na rede Eures poida acceder facilmente a todas as ofertas de emprego, demandas de emprego e currículos (CV) publicados no portal Eures, de acordo co artigo 18.3 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

r) Axudar, logo de solicitude, os traballadores e os empresarios que recorran aos seus servizos a rexistrarse no portal Eures, de acordo co artigo 20.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

s) Asegurarse de que os traballadores e empresarios que recorran aos seus servizos dispoñan de acceso a información xeral acerca do modo, momento e lugar en que poderán actualizar, revisar e suprimir os datos relativos ao seu rexistro no portal Eures de acordo co artigo 20.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

3. É obrigación dos membros e, cando proceda, dos socios de Eures, que realicen a tarefa de contribuír ao conxunto de ofertas de emprego, achegar de forma gratuíta, para fins do portal Eures, todas as ofertas de emprego que publiquen, de conformidade cos artigos 12.3 e 17.1.a) do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, así como velar por que as ofertas de emprego estean suxeitas á legalidade vixente.

Cando os servizos públicos de emprego publiquen os datos relativos a unha oferta de emprego no portal Eures, poderán excluír:

a) As ofertas de emprego que, debido á súa natureza ou ás normas nacionais, só estean dispoñibles para os cidadáns dun país determinado.

b) As ofertas de emprego relacionadas con categorías de períodos de aprendizaxe ou de prácticas que, tendo principalmente un compoñente de formación, formen parte dos sistemas educativos nacionais ou que contén con financiamento público como parte das políticas activas do mercado de traballo dos Estados membros.

c) Outras ofertas de emprego, como parte das políticas activas do mercado de traballo.

4. É obrigación dos membros e, cando proceda, dos socios de Eures que realicen a tarefa de contribuír ao conxunto de demandas de emprego e de currículos (CV), a de achegar, de forma gratuíta para fins do portal Eures, todas as demandas de emprego e currículos (CV) respecto aos cales o traballador dese o seu consentimento para que esta información apareza no portal Eures, de conformidade cos artigos 12.3 e 17, números 1.b), 3 e 4 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, como norma específica en materia de protección de datos.

5. Son obrigacións dos membros e, cando proceda, dos socios de Eures que realicen a tarefa de prestar servizos de apoio a traballadores e empresarios, conforme os artigos 12, 23 e 24, artigo 25, número 1, artigo 26 e, se for o caso, artigo 27 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, as seguintes:

a) Garantir o acceso aos servizos de apoio de todos os traballadores e empresarios que soliciten a súa asistencia.

b) Establecer un acceso efectivo aos servizos de apoio, non só garantindo que os ditos servizos estean dispoñibles por petición explícita dun traballador ou empresario concretos, senón tamén facilitando, cando proceda, por iniciativa propia, información sobre Eures aos traballadores e empresarios con ocasión do seu primeiro contacto e ofrecendo de forma proactiva asistencia neste ámbito durante todo o proceso de contratación.

c) Indicar claramente aos traballadores e aos empresarios, a través das súas canles de información, a gama de servizos que prestan, así como as modalidades e condicións de acceso a eles. A dita información publicarase no portal Eures. Todo isto de acordo co artigo 21.5 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

d) Facilitar aos traballadores e aos empresarios información básica relativa ao portal Eures, incluída a base de datos de demandas de emprego e de currículos e información básica relativa á rede Eures España, incluídos os datos de contacto dos membros e socios de Eures pertinentes no plano nacional, información sobre as canles de contratación que empregan (servizos electrónicos, servizos personalizados, localización dos puntos de

contacto) e os enlaces electrónicos pertinentes, dun modo accesible e sinxelo, así como remitir, cando proceda, os traballadores e os empresarios a outro membro ou socio de Eures, de acordo co artigo 22.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

e) Proporcionar, por instancia dun traballador, información e orientación sobre as oportunidades de emprego individuais e, en particular, ofrecerlle os seguintes servizos de apoio, de acordo co artigo 23.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016:

1.º Información xeral sobre as condicións de vida e de traballo no país de destino, ou referencia á dita información.

2.º Orientación e asistencia en relación coa obtención da información a que fai referencia o artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

3.º Cando proceda, asistencia na redacción das demandas de emprego e os currículos, co fin de garantir a súa conformidade coas normas e os formatos técnicos europeos a que se refiren os artigos 17.8 e 19.6 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e asistencia para a súa introdución no portal Eures.

4.º Cando proceda, estudar a posibilidade dunha colocación dentro da Unión como parte dun plan de acción individual, ou apoiar a elaboración dun plan de mobilidade individual como medio para conseguir unha colocación dentro da Unión.

5.º Se for o caso, remitir o traballador a outro membro ou socio de Eures.

f) Proporcionar, logo de solicitude razoable dun traballador, asistencia complementaria e outros servizos adicionais, tendo en conta as necesidades do traballador, de acordo co establecido no artigo 23.3 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

g) Proporcionar, logo de solicitude dun empresario, información e orientación sobre as oportunidades de contratación e, en particular, ofrecerlles os seguintes servizos de apoio aos empresarios, de acordo co establecido no artigo 24.2 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016:

1.º Información sobre normas específicas relativas á contratación desde outro Estado membro e sobre os factores que poidan facilitar a dita contratación.

2.º Cando proceda, información e asistencia na redacción dos requisitos individuais do posto nunha oferta de emprego, así como para garantir a súa conformidade coas normas e os formatos técnicos europeos a que se refiren os artigos 17.8 e 19.6 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

h) Proporcionar, logo de solicitude dun empresario e cando exista unha probabilidade razoable de contratación na Unión, asistencia complementaria e outros servizos adicionais, tendo presentes as necesidades do empresario. Así mesmo, logo de petición, os membros e, de ser o caso, os socios de Eures prestarán unha orientación individual para a formulación de requisitos para as ofertas de emprego. Todo isto, de acordo co establecido no artigo 24.3 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

i) Facilitar, logo de solicitude dun traballador ou dun empresario, os seguintes servizos de asistencia posterior á contratación, de acordo co establecido no artigo 25.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016:

1.º Información xeral sobre a asistencia posterior á contratación, como a formación en materia de comunicación intercultural, cursos de idiomas e apoio con miras á integración, incluída a información xeral relativa ás oportunidades de emprego para os membros da familia do traballador.

2.º No posible, os datos de contacto das organizacións que ofrezan asistencia posterior á contratación.

Os membros e, cando proceda, os socios de Eures poderán prestar de forma directa a asistencia posterior á contratación aos traballadores ou aos empresarios, e poderán percibir unha contraprestación por estes servizos, debendo informar de forma clara e precisa sobre calquera posible custo.

j) Remitir, por petición dun traballador ou dun empresario, as peticións de información específica sobre os dereitos en materia de seguridade social, medidas activas do mercado de traballo, fiscalidade, aspectos relativos ao contrato de traballo, dereitos de pensión e seguro de enfermidade ás autoridades nacionais competentes e, se for o caso, a outros organismos apropiados no plano nacional que apoien os traballadores no exercicio dos seus dereitos no marco da libre circulación, incluídos os mencionados no artigo 4 da Directiva 2014/54/UE, do 16 de abril de 2014, de acordo co establecido no artigo 26.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

k) En caso de que, en rexións transfronteirizas, membros ou socios de Eures participen en estruturas específicas de cooperación e de servizo, como as asociacións transfronteirizas, facilitarán aos traballadores e empresarios fronteirizos información relacionada coa situación particular dos traballadores fronteirizos que sexa pertinente para os empresarios en tales rexións, de acordo co establecido no artigo 27.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

*Artigo 9. Espazo Eures dos membros e socios de Eures en España no Sistema de información dos servizos públicos de emprego.*

1. Dentro do marco do Sistema de información dos servizos públicos de emprego disporase dun espazo común para membros e socios de Eures en España, co obxecto de integrar o conxunto da información proporcionada polo Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación de Eures en España, e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas respecto a:

a) Rexistro dos membros e os socios de Eures autorizados. O Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación de Eures en España, deberá facilitar un sistema de rexistro coa relación dos membros e os socios Eures en España, co obxecto de que poida ser coñecida por todos os servizos públicos de emprego e pola cidadanía. Para estes efectos, esta relación será comunicada e actualizada polos distintos servizos públicos de emprego e estará accesible nas webs do Sistema nacional de emprego.

b) Realizar, os membros e socios de Eures, a subministración de información periódica recollida no artigo 8.2.I), incorporando para isto os datos das accións de seguimento e análise establecidos no artigo 10 deste real decreto.

c) A comunicación de datos necesarios para a realización do plan de actividades anual e informe final anual segundo establece artigo 31 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

2. A transmisión das ofertas e demandas de emprego con que cada socio e membro contribuirá ao portal europeo Eures realizarase a través do servizo público de emprego correspondente para posteriormente transferilas a través dunha única canle coordinada, tal e como establece o artigo 18.4 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, considerando o seguinte:

a) A Oficina Nacional de Coordinación disporá dos mecanismos adecuados e as normas necesarias para garantir a calidade intrínseca e técnica dos datos relativos ás ofertas de emprego, demandas de emprego e currículos, acorde coas especificacións do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

b) A Oficina Nacional de Coordinación velará por que quede garantida a rastrexabilidade dos datos para efectos do control da súa calidade.

c) Co fin de permitir a posta en correspondencia das ofertas e as demandas de emprego e os currículos, a Oficina Nacional de Coordinación velará por que se facilite a información conforme un sistema uniforme e de maneira transparente.

3. O servizo público de emprego da comunidade autónoma correspondente velará por que as organizacións autorizadas como membros e socios que actúen baixo a súa responsabilidade contén cun enlace claramente visible ao portal Eures en todos os portais da internet que administren.

#### Artigo 10. *Seguimento e análise.*

1. Os servizos públicos de emprego realizarán o seguimento e a análise das actividades dos membros e os socios de Eures autorizados.

Os servizos públicos de emprego levarán a cabo a debida coordinación destas accións de seguimento e análise a través da Oficina Nacional de Coordinación de Eures en España.

2. A Oficina Nacional de Coordinación garantirá a existencia de procedementos de recollida de datos relativos ás seguintes áreas de actividade de Eures realizadas a escala autonómica e nacional, de acordo co artigo 32.1 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016:

- a) Información e orientación proporcionadas polos membros e socios da rede Eures España, sobre o número de contactos cos traballadores e empresarios,
- b) Resultados en materia de emprego, incluídas as colocacións e contratacións resultantes das actividades de Eures no Estado membro e noutros Estados membros e no número de ofertas de emprego, demandas de emprego e currículos tratados e procesados polos membros e socios de Eures e,
- c) Resultados sobre a satisfacción dos clientes coa rede Eures, obtidos en particular a través de enquisas.

Esta recollida de datos levarase a cabo a través do Performance Measurement System (PMS), ou Sistema de medición de resultados de Eures, que se utilizará, entre outras funcións, para a recollida, o intercambio e a análise conxunta de información a que fai referencia o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

Os membros e socios de Eures recollerán os datos mensualmente e reportaranos á Oficina Nacional de Coordinación a través do Espazo Eures recollido no artigo 9.

### CAPÍTULO III

#### **Procedemento para a concesión de autorización, conversión de socio a membro ou viceversa e extinción da autorización da condición de membros e socios de Eures en España**

#### Artigo 11. *Iniciación do procedemento de autorización.*

1. A concesión da autorización ben como membros ben como socios de Eures en España iníciase coa presentación de solicitude, sen necesidade de convocatoria, e faranse constar os seguintes datos:

- a) Identificación da organización solicitante.
- b) Denominación da entidade.
- c) Domicilio da sede social da entidade.
- d) Número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.
- e) Localización dos centros de traballo desde onde vai realizar a súa actividade. As entidades que realicen a súa actividade utilizando para isto exclusivamente medios electrónicos deberán indicar os datos da súa sede social.

f) De ser o caso, identificación como axencia de colocación con transferencia de datos de intermediación efectiva, en cada un dos últimos doce meses anteriores á data da solicitude para solicitantes da categoría de membros Eures, así como dos socios que vaian acceder ás tarefas especificadas realizando actuacións de intermediación que requiran ter a condición de axencia de colocación.

2. A solicitude formalizarase en formato electrónico no modelo que estará dispoñible nas webs dos servizos públicos de emprego. Esta solicitude presentarase exclusivamente a través dos medios electrónicos establecidos e irá dirixida ao órgano competente do servizo público de emprego da comunidade autónoma a que corresponda conceder a autorización, segundo o disposto no artigo 3 deste real decreto.

3. Documentos que acompañan a solicitude:

a) Memoria-proxecto técnico e de xestión, que conterá, ao menos, os seguintes puntos:

1.º Tarefas que se van desenvolver, ben como membro ou como socio da rede Eures en España, de acordo co establecido nos artigos 2 e 8 deste real decreto. No suposto de prestación dos servizos de apoio previstos no artigo 2.3.c) deste real decreto, relación e descrición dos servizos que se van prestar a traballadores e empresarios, as súas modalidades, condicións de acceso a eles e o custo, se for o caso, para os empresarios. Así como modalidades, actividades e os custos da asistencia posterior á contratación aos traballadores ou os empresarios.

2.º Localización e descrición do centro ou centros, ou puntos de contacto desde onde vaia desenvolverse a súa actuación, especificando se é presencial ou telemática.

3.º Dotación de persoal suficiente en número e capacidades técnico lingüísticas para as correspondentes tarefas que deban levarse a cabo e compromiso de garantir as normas de calidade e formación para eses recursos humanos.

4.º Descrición dos sistemas informáticos compatibles cos dos servizos públicos de emprego, que serán adecuados aos determinados no artigo 9.

b) Declaración responsable, no modelo que se determine, en que conste que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos no artigo 13 deste real decreto.

4. Cando a solicitude non cumpra os requisitos exixidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou non se xunten os documentos citados no número anterior, requirirase a entidade para que proceda á emenda da falta ou á achega dos documentos en cuestión, nun prazo de dez días hábiles, indicándolle que, de non facelo así, se será por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

#### Artigo 12. *Instrución do procedemento.*

A instrución do procedemento de concesión da autorización efectuarase conforme establece o capítulo IV do título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O servizo público de emprego competente para isto será o establecido conforme o artigo 3 deste real decreto.

#### Artigo 13. *Requisitos.*

Para ser autorizados como membros ou, se for o caso, socios de Eures, as entidades solicitantes deberán cumprir, ao menos, os seguintes requisitos, considerando os criterios mínimos comúns establecidos no anexo I do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e o establecido neste real decreto:

a) Comprometerse a dispor de mecanismos e procedementos adecuados para verificar e garantir o pleno respecto das normas laborais e os requisitos legais tendo en conta os sistemas de concesión de licenzas e os réximes de autorización existentes en materia de servizos de emprego distintos dos servizos públicos de emprego á hora de



prestar os servizos, incluída a lexislación aplicable en materia de protección de datos e, se for o caso, dos requisitos e as normas relativos á calidade dos datos sobre ofertas de emprego. Para estes efectos, para ser autorizadas como membros de Eures, as entidades solicitantes deberán ter a condición de axencia de colocación conforme a normativa vixente, será obrigatorio que realizase a transferencia efectiva de datos de intermediación nos últimos doce meses, de acordo co establecido no artigo 6.3 do Real decreto 1796/2010, do 30 de decembro. Así mesmo, deberán ter a condición de axencia de colocación, nos termos sinalados anteriormente, os socios de Eures que realicen tarefas de intermediación laboral.

b) Demostrar idoneidade e capacidade para ofrecer os servizos en materia de compensación ou os servizos de apoio, así como capacidade e idoneidade para remitir os traballadores e empresarios a outros membros ou socios de Eures ou a organismos con experiencia en materia de libre circulación dos traballadores. Para estes efectos, deberán dispor de solvencia técnica suficiente para desenvolver as actividades que se van realizar, o que implica dispor de metodoloxía de actuación adecuada, e experiencia na prestación de servizos de apoio a traballadores e empresarios. Xustificarase na memoria especificada no artigo 11.3.a) deste real decreto.

c) Encontrarse ao día no cumprimento das súas obrigacións fiscais e fronte á Seguridade Social.

d) Estar debidamente constituída e inscrita no rexistro correspondente, no caso de se tratar dunha persoa xurídica.

e) Non acharse incurso en ningunha circunstancia das que prohiben contratar coa Administración, conforme o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

f) Ter capacidade para prestar servizos a través de canles múltiples, incluído, ao menos, acceso a un sitio da internet/unha sede electrónica da organización.

g) Subscribir o compromiso expreso de adhesión ao principio da prestación de servizos gratuítos conforme o disposto no artigo 7.

h) Ter capacidade e comprometerse a levar a cabo unha transmisión puntual e fiable dos datos conforme o disposto no artigo 12.6 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e no artigo 9 deste real decreto dedicado ao espazo Eures dos membros e socios de Eures en España.

i) Comprometerse a cumprir as normas técnicas e os formatos de compensación e intercambio de información establecidos no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e neste real decreto.

j) Ter capacidade e comprometerse a contribuír á programación e presentación de informes á Oficina Nacional de Coordinación e de facilitar á dita oficina información sobre a prestación dos servizos e os resultados obtidos conforme o disposto no Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016, e neste real decreto.

k) Comprometerse a garantir a atribución de recursos humanos suficientes para as correspondentes tarefas que deban levarse a cabo, asegurando que teñen as competencias lingüísticas necesarias para traballar na mobilidade laboral europea.

l) Comprometerse a garantir normas de calidade para o persoal e inscribir o persoal para os módulos pertinentes do programa común de formación Eures recollido no artigo 8.1.a), inciso iii), do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

m) Comprometerse a empregar a marca de servizo Eures unicamente para os servizos e actividades relativos á rede Eures.

#### Artigo 14. *Terminación do procedemento.*

1. O servizo público de emprego autonómico competente nos termos do artigo 3 deste real decreto notificará a resolución en que concederá ou denegará a autorización no prazo máximo de tres meses.

2. Para efectos de poder valorar a concesión da autorización ou a súa denegación, os servizos públicos de emprego terán en conta que a entidade solicitante cumpre as obrigacións establecidas no capítulo II deste real decreto e os requisitos establecidos no seu artigo 13.

Polo tanto, a admisión de organizacións que vulneren as normas laborais e os requisitos legais aplicables, en particular os relativos á remuneración e as condicións de traballo, poderá ser denegada ou revogada. A Oficina Nacional de Coordinación informará a Oficina Europea de Coordinación tanto das admisións de membros e socios de Eures en España como das denegacións de admisión, a cal transmitirá a dita información ás demais oficinas nacionais de coordinación, segundo o artigo 11 do Regulamento (UE) 2016/589 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de abril de 2016.

3. O vencemento do prazo máximo sinalado no número primeiro sen terse notificado a resolución expresa suporá a estimación da solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución que poña fin ao procedemento de autorización, poderá interperse o recurso que proceda nos termos previstos na normativa de aplicación pola Administración competente para resolver.

#### Artigo 15. *Vixencia da autorización.*

A autorización como membro ou socio de Eures en España terá unha vixencia indefinida. Para estes efectos, e sen prexuízo das actuacións de seguimento e análise recollidos no capítulo II, os servizos públicos de emprego comprobarán que se manteñen os requisitos e condicións que determinaron o seu otorgamento, e que non concorre ningunha das causas para a súa revogación previstas no artigo 17 deste real decreto.

#### Artigo 16. *Conversión de socio a membro ou viceversa.*

No suposto de que un membro ou socio autorizado para desenvolver a súa actividade pretenda cambiar as súas actuacións, será de aplicación para conceder a autorización polo servizo público de emprego competente, logo da solicitude da entidade, o establecido no artigo 11, a excepción do previsto no seu número 3.b), e nos artigos 12 e 14 deste real decreto.

#### Artigo 17. *Revogación da autorización.*

1. A autorización poderá revogarse:

a) Por incumprimento por parte dos membros ou socios Eures de calquera dos requisitos e obrigacións legal ou regulamentariamente establecidos.

No referente á obrigación de envío de información indicada no artigo 8.2.I) deste real decreto, entenderase como incumprimento ben a falta de envío e/ou ben o envío de informes baleiros, sen datos positivos, en relación coa información sobre demandas, currículos (CV), ofertas de emprego, así como do resto de actividades e servizos realizados, durante tres meses consecutivos ou durante catro meses non consecutivos no período de seis meses consecutivos.

b) Por inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore á declaración responsable, descuberta tras a concesión da autorización.

c) Por renuncia ou peche dos centros de traballo.

d) Por perda da condición de axencia de colocación.

2. A declaración de revogación efectuarase por resolución motivada do órgano competente autonómico, logo da comunicación ao membro ou socio do acordo adoptado por este, concederase o correspondente trámite de audiencia. Contra a dita resolución poderá interperse o recurso que proceda nos termos previstos legalmente.

En caso de revogación da admisión debido ao incumprimento destas normas e requisitos, o Servizo Público de Emprego Estatal, como Oficina Nacional de Coordinación

Eures en España, informará a Oficina Europea de Coordinación, a cal transmitirá a dita información ás demais oficinas nacionais de coordinación da rede Eures.

O membro ou socio de Eures asumirá as responsabilidades que puideren derivar, se for o caso, fronte aos seus usuarios, como consecuencia da dita extinción ou revogación.

3. Unha entidade que vise revogada a súa condición de membro ou socio Eures poderá solicitar a readmisión unha vez transcorrido un período mínimo de seis meses. En tal caso, á solicitude xuntaráselle unha memoria-proxecto técnico e de xestión para o ámbito solicitado en que quede de manifesto a superación da causa que motivou a extinción ou revogación da autorización, e quedará exonerada do resto de requisitos expresados no artigo.

Disposición transitoria única. *Entidades que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, participen en calidade de asociadas nun acordo de cooperación Eures transfronteirizo en España.*

As entidades que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, participen en calidade de asociadas nun acordo de cooperación Eures transfronteirizo en España poderán solicitar ser membros ou socios Eures no prazo de doce meses desde a dita data de entrada en vigor. Estas entidades poderán seguir desenvolvemento a súa actividade na forma disposta no acordo.

Excepcionalmente, e en atención á experiencia previa dentro da rede Eures, estas entidades poderán ser designadas como socios de Eures en España competentes no marco do correspondente acordo de cooperación Eures transfronteirizo en España, sen necesidade de someterse ao procedemento de autorización establecido no capítulo III deste real decreto, e sempre que cumpran coas obrigacións establecidas para os socios de Eures en España, no artigo 8, e concorran os requisitos previstos no artigo 13.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 379/2015, do 14 de maio, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento da acción «O teu traballo Eures-FSE».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no número 7 do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Execución e desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social,  
MAGDALENA VALERIO CORDERO